



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE e ORZAMENTARIA
Expediente 251/143

Nº medio de empregados, estrutura Administrativa

No ano 2022, o número total de prazas do cadro de persoal foi de 1.370. A composición da plantilla para o ano 2022, aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación en sesión do 22 de decembro de 2021, e a seguinte:

Plantilla

Funcionarios	Laborais	Eventuais	Total
1.030	320	20	1.370

Dos datos remitidos pola Área de Recursos Humanos e Formación (expediente 42067/220) , o número medio de empregados públicos durante o ano 2022 e ao remate do ano foi o seguinte:

Tipo de relación	Nº medio durante o exercicio	Nº medio ao final do ano
Funcionarios	809,67	822,00
Laborais	352,92	333,00
Eventuais	14,83	14,00
Total	1.177,42	1.169,00

A estruturación da plantilla municipal que se detalla a continuación segundo tipo de traballador, é superior co número medio de empregados. Se tomamos en consideración o nº de empregados medio do ano 2022, 1.177,42 e ao final do ano 1.169, mentres que a plantilla é de 1.370 empregados, sendo as causas fundamentais tanto a TRE como a execución das OEP, que sempre hai un defirimento entre a aprobación da OEP e a súa execución.

A desviación é consecuencia das limitacións impostas polas Leis Xerais de Orzamentos do Estado de cada ano en relación coa Taxa de Reposición de Efectivos (TRE), o que tivo como resultado, que os postos que quedaban vacantes por xubilación ou outras causas que conforman a TRE, non se podían cubrir.

Limitacións na TRE:

LPGE	TRE	Sectores prioritarios, Policía Local
1995-1996	0,00%	0,00%
1997-1999	25,00%	25,00%
2000-2002	25,00%	100,00%
2003-2008	100,00%	100,00%
2009	30,00%	30,00%
2010	15,00%	15,00%
2011	0,00%	10,00%
2012	0,00%	10,00%
2013	0,00%	10,00%
2014	0,00%	10,00%
2015	0,00%	50,00%
2016	50,00%	100,00%
2017	50,00%	100,00%
2018	100,00%+8,00%+10,00%	115,00%
2019	100,00%+8,00%+10,00%	115,00%
2019	100,00%+8,00%+10,00%	115,00%
2020	100,00%+8,00%+10,00%	115,00%
2021	100%+10%	115,00%
2022	110%+10%	125,00%

O artigo 20 da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022, establece que as Administracións Públicas terán unha taxa de reposición do 110 por cen nos sectores non prioritarios e do 120 por cen nos sectores prioritarios, considerándose sectores prioritarios os previstos no apartado dous.3 do devandito artigo.

As entidades locais que tivesen amortizada a súa débeda financeira a 31 de decembro do exercicio anterior, terán unha taxa adicional do 10 por cento, neste caso o 120%.

Para a Policía Local, a TRE é dun 125%.

O sistema de cálculo da TRE está definido no apartado (tres) do artigo 20 da Lei de Orzamentos. Non computarán para o límite máximo de tasa:

- a) O persoal que se incorpore en execución de ofertas de emprego público de exercicios anteriores.
- b) As prazas que se convoquen por promoción interna.
- c) As prazas correspondentes ao persoal declarado indefinido non fixo por sentenza xudicial.

Corpos, escalas, grupos e subgrupos	Número	Posto
Funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional	7	Secretario/a Xeral do Pleno, Interventor/a Xeral, Interventor/a Adxunto, Viceinterventor/a Adxunto, Órgano de Apoio á XGL, Secretario/a de Administración Municipal e Tesoureiro/a.
Técnicos de Administración Xeral	41	
Administrativos de administración Xeral	102	
Auxiliares de Administración Xeral	85	
Subalternos	25	
Funcionarios escala administración especial, sub. técnica	106	
Funcionarios escala administración especial, sub. servizos especiais	106	
Corpo da Policía Local	403	1 Superintendente, 2 Intendentes, 4 Inspectores principais, 15 Inspectores, 34 Oficiais e 347 policías.
Servizo de extinción de incendios	151	1 Oficial, 1 Suboficiais, 10 Sarxentos, 12 Cabos, 41 condutores-bombeiros e 86 bombeiros.
Persoal laboral	320	
Persoal eventual	20	1 Dtor/a. Gabinete, 1 Adxunta/a Dtor. Gabinete, 1 Secretaria/o Alcaldía, 1 Dtor/a. Comunicación, 1 Asesor R. Inst. e protocolarias, 8 Asesores, incluído Grupos Políticos, 7 auxiliares Administrativos, incluído Grupos Políticos.
Persoal Directivo	4	Titular Asesoría Xurídica, membros do Tribunal Económico. 1 titular do Tribunal Recursos Contractuais
Total	1.370	